



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: PROPOSTA DE NOMEAMENTO PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL TEMPORAL. PEL CONCELLOS 2023.

EXPEDIENTE: 2023/G003/000280 (Decretos).

EXPEDIENTE: 2023/A008/000012 (Subvencións).

EXPEDIENTE: 2023/E001/000001 (Convocatoria Selección Persoal)

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que por resolución de alcaldía 259/2023, de 23 de Xuño de 2023, aprobouse a lista definitiva de admitidos para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para un peón para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2023.

Visto que na mesma resolución se facía a convocatoria para a realización do proceso selectivo o día 26 de Xuño ás 9.30 horas.

Vista a acta asinada polo tribunal encargado da selección o día 26/06/2023, do proceso de selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para un peón para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2023.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **Resolvo:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por Decreto de Alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.- Propoñer a formalización do contrato laboral temporal para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2023, do seguinte candidato:

DNI	Nome e apelidos	Cualificación final proceso
093650**R	JOSE ELADIO GARCÍA PEDRERO	16,04



CONCELLO DE VILASANTAR
R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



TERCEIRO.- Realizar lista de reserva cos candidatos que se relacionan a continuación:

DNI	Nome e apelidos	Cualificación final proceso
329472**S	NORGE PEDRE PUPO	12,02
Y96741**E	ARIEL HORTA LASTRE	10,57

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación.

QUINTO.- Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Mándao e asínao a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria - Interventora, María Chao Carballeira, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.